

# A FÁBRICA DA LUZ



## QUE É A FÁBRICA DA LUZ

A **Fábrica da Luz** é un proxecto de recuperación do patrimonio industrial para converterse nun centro activo de turismo. Esta antiga central hidroeléctrica de principios de século XX, que tras anos de abandono, foi recuperada no ano 2012. Transformando o edificio en ruínas nunhas instalacións únicas e modernas para un proxecto integral para o gozo do tempo de lecer.

Situados en pleno corazón da Ribeira Sacra, no Concello de Parada de Sil (Ourense). Nun entorno marabilloso o carón do Río Mao, contamos coas seguintes instalacións:

- \* Sala Multiusos con máis de 200 m2 para realización de actividades.
- \* Aula de proxección.
- \* Superficie ao aire libre.
- \* Comedores para 32 persoas.
- \* Albergue para 32 persoas.
- \* Cantina e terraza.



*Fábrica da Luz/Pasarela do Río Mao/Cañón do Sil*



## QUE SERVIZOS OFRECE A FÁBRICA DA LUZ

Na **Fábrica da Luz** ofertamos unha variada oferta para grupos escolares: dende o aloxamento, actividades de formación ambiental, actividades de aventura, obradoiros ou guías.

A continuación presentamos as diferentes ofertas e actividades para este curso 2014-15. Estas actividades están orientadas e programadas para todos os niveis de ensinanza.



### **Aloxamento**

Contamos cun albergue turístico, con capacidade para 28 persoas en habitacións colectivas de 14 persoas. Ademais, temos outras dúas habitacións con cama de matrimonio individuais para uso dos monitores ou profesores.

É un aloxamento nunhas instalacións pertencentes o noso Patrimonio Industrial e situadas nun enclave que permite os grupos escolares poder visitar os puntos de interese da Ribeira Sacra.

Os prezos<sup>1</sup> para grupos escolares por persoa/día :

	Prezos
<i>Aloxamento+ almuerzo</i>	14€
<i>Aloxamento+ almuerzo+cea</i>	23€
<i>Aloxamento+ almuerzo+merenda+cea</i>	26€
<i>Aloxamento+almuerzo+comida+merenda+cea</i>	32€
<i>Aloxamento+ almuerzo+picnic+merenda+cea</i>	29€

*1Estes prezos serían dende marzo a xullo 2015(exceptuando Semana Santa e pontes). Os prezos inclúen sábanas, edredón, e unha toalla. Os monitores ou profesores estarían exentos do pago, a ratio que establecemos é de un profesor cada 14 rapaces.*







Habitación colectiva en literas



### **Actividades de Formación Ambiental e Patrimonial.**

A Fábrica da Luz presenta unhas actividades de formación ambiental e Patrimonial co obxectivo de acercar e dar coñecer o noso entorno.

Estas actividades están orientadas os grupos escolares de infantil, primaria, secundaria e bacharelato e organízanse arredor de cinco temáticas básicas:

★ Patrimonio Cultural

➔ *Andainas Interpretativas:* a través das rutas damos a coñecer a nosa cultura a través de antigas construcións ou lendas que forman parte do noso entorno. De esta maneira a percepción do lugar e da andaina colle outro valor.

★ Medio Natural e Paisaxe

➔ *O paseo dos sentidos:* o obxectivo é que os rapaces aprecien o entorno natural dende outra perspectiva, a partir de dinámicas nas que farán uso de cada un dos seus sentidos.



★ Enerxía

⇒ *Obradoiro de enerxía solar*: taller didáctico no que os rapaces poderán aprender a utilidade da enerxía solar a través de distintos aparellos solares da vida cotiá.

★ Auga

⇒ *Descubrinto os ríos*: actividade na que a través de diferentes metodoloxías comprobamos a calidade da auga, a flora e fauna do entorno.

Partindo destas temáticas intentamos dar a coñecer o medio ambiente ós rapaces dende unha metodoloxía práctica e funcional a través de xogos, ginkanas e paseos que lles permita descubrir a natureza dende a súa propia reflexión.



**Actividades de Turismo de Aventura.**

A nosa situación, no último tramo do Cañón do Río Mao moi preto da súa desembocadura co Río Sil, permítenos facer variadas actividades de Turismo de Aventura adaptadas para grupos escolares. Ademais, contamos con espazo ó aire libre para a realización das mesmas.

Estas actividades están orientadas para rapaces de a partir de 6 ou 8 anos, dependendo da actividade escollida. A continuación, mostramos unha serie de actividades que poderían realizar:

- ★ *Escalada en Rocódromo*: achegamos os rapaces unha iniciación á escalada.
- ★ *Campo de Aventura*: A combinación de construcións aéreas con cordas, permítenos realizar percorridos de destreza moi interesantes e aptos para todas as idades:
  - ⇒ *Tirolina*: Deixarémonos deslizar cunha polea por unha corda amarrada en pendente, có que descenderemos alturas a gran velocidade.
  - ⇒ *Ponte Mono*: É unha ponte feita con dúas cordas paralelas, unha sobre a que agarraremos as mans e outra sobre a que iremos deslizando os pés.
- ★ *Orientación con G.P.S*: Xogos con G.P.S; busca do tesouro ou xeocaptura – xeocatching, xincanas fotográficas, carreiras de orientación con compás...
- ★ *Bola de Aire*: Esfera xigante que nos permitirá, introducíndonos dentro de esta e enchéndoa de aire, gozar desprazándonos por unha ladeira, por un espazo plano ou por riba da auga.
- ★ *Ruta en canoa polo Río Sil*: Ruta polo Cañón do Río Sil en canoas, para descubrir as súas Ribeiras e gozar dos cañóns que nos puntos de maior altitude poden alcanzar os 500 m.





*Río Mao e a súa pasarela de madeira.*

- ★ **Barranquismo polo Río Mao:** Consiste no descenso do Río Mao utilizando diversas técnicas tales coma: saltar, trepar, marchar a pie e nadar. Gozarás dunha auténtica actividade de aventura por un lugar onde non é moi frecuente a presenza humana. Esta actividade soamente a poderán realizar rapaces a partir de 16 anos.

💡 **Visitas guiadas:**

- ★ **Mosteiro de Santa Cristina:** Mosteiro beneditino do século XII - XIII situado ó carón do Río Sil. Un dos mellores exemplos do románico rural de Galicia.
- ★ **Tumbas Antropomórficas de San Vitor de Barxacova:** Conxunto arqueolóxico formado polos restos dunha capela mediaval e unha nécropole con tumbas antropomórficas escavadas na rocha datados entre o século IX - XI.
- ★ **Castelo de Castro Caldelas:** Fortaleza de orixe mediaval (XIII) que pertenceu a Casa dos Lemos e con presenza nas Guerras Irmandiñas.
- ★ **Paseo en Catamarán:** dende a Fábrica da Lu podemos xestionarvos a vosa viaxe en catamarán ou en barco, para grupos reducidos. O embarcadoiro encontrase a 15km das nosas instalacións.
- ★ **Rutas de Sendeirismo:** mesmo dende as nosas instalacións saen rutas de sendeirismo, así como dende as súas proximidades. Rutas de sendeirismo que van dende unha dificultade baixa, ata unha dificultade media-alta para os mais maiores. Nestas rutas encontrámonos con paisaxes de soutos de castiñeiros e atravesamos por viñas, a paisaxe autóctona do lugar, e sempre con vistas ós cañóns.



### 💡 **Coñecendo os Produtores Locais**

A través destas actividades os rapaces poderán descubrir a nosa cultura cas súas propias mans, creando un coñecemento participativo e divertido ó mesmo tempo.

- ★ *Obradoiro de Queixos:* visita a unha queixeiría, explicación do proceso de elaboración do queixo dende o seu principio ó seu fin, elaboración dos rapaces dos seus propios queixos e merenda a base dunha cata de queixos.
- ★ *Obradoiro de Marmeladas:* nesta actividade os rapaces poderán descubrir como poder facer marmelada na súa propia casa. No Taller de Lydia, se lles mostrará con froita recollida no mesmo lugar como elaborar unha marmelada artesá e ecolóxica. Os rapaces participarán activamente na confección do produto en tódolos seus pasos. Ó final da actividade cada un poderá levarse o seu tarriño de marmelada.
- ★ *Visita guiada a unha Bodega Tradicional:* a zona onde nos atopamos se caracteriza pola súa forma de cultivar as viñas, a chamada “Viticultura Heroica”. A visita a Bodega Tradicional inclúe paseo polas viñas e visita didáctica á Bodega.

### 💡 **¿Cómo escoller as actividades a realizar?**

O coordinador/a da viaxe poderá facer unha selección de entre as diferentes actividades presentadas anteriormente. Os prezos variarán en función das actividades escollidas.

Exemplo para estancia 3 días e 2 noites:

Primeiro Día		Segundo Día		Terceiro Día	
16:00	Recepción na Fábrica da Luz.	08.30	Érguese da cama.	08.30	Érguese da cama.
	Presentación do equipo	09.00	Aseo persoal	09.00	Aseo persoal
16:30	Distribución de habitacións	10.00	Almorzo	10.00	Almorzo
17:00	Actividade Paseo dos Sentidos pola Ruta da Pasarela do Río Mao)		Visita guiada O Mosteiro de Santa Cristina - Balcóns de Madrid		Visita o Castelo de Castro Caldelas e Queixería
18:00		13.30	Descanso	13.30	Descanso
18:45		14.00	Comida	14.00	Descanso
20.30	Merenda	15.00	Tempo libre	15.00	Comida
21.30	Kayaks	16.30	Actividade xogo de pistas: flora e fauna	16.00	Tempo libre
23.00	Duchas	18.00	Merenda	17.00	Avaliación da estancia
	Cea	18.30	Actividade		Despedida e saída
	Velada nocturna	20.00	Campeonato de bolos tradicionais		
	Descanso	21.00	Duchas		
		22.00	Cea		
		23.00	Velada		
			Descanso		



Prezo total da estada por rapaz deste exemplo: 130€

💡 ¿Onde estamos?



Para mais información podeses poñervos en contacto con nos a través de:

- 💡 E-mail: info@afabricaluz.com
- 💡 Teléfonos: 988 984 990 / 679 060 509
- 💡 Whatsapp: 696 481 987

[www.afabricaluz.com](http://www.afabricaluz.com)

